



RESOLUCIÓN DO 30 DE ABRIL DE 2025 POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA DE UN POSTO DE XEFE/A DE UNIDADE DE MICROBIOLOXÍA E VIROLOXÍA EXISTENTE NO CADRO DE PERSOAL LABORAL, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

A Lei 3/2004, do 7 de xuño (DOG nº 116, do 17 de xuño) crea o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), como un ente de dereito público con personalidade xurídica propia e patrimonio propio e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, adscrito á Consellería do Mar; o seu regulamento foi aprobado polo Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG nº 49, do 11 de marzo).

O Intecmar configúrase como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. Por outra banda, o Intecmar está sometido ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

O Decreto 198/2024, do 27 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, publicouse no DOG número 251 o 31 decembro. Esta oferta concíbese como un instrumento de programación das necesidades de persoal e de racionalización do emprego público e dos procesos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas, en que deben primar os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, transparencia, imparcialidade, independencia, adecuación, axilidade, simplificación e valoración. O anexo V deste Decreto que recolle as prazas de persoal laboral de entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, e relaciona a praza vacante no cadro de persoal do Intecmar seguinte:

Nº	CÓDIGO POSTO	POSTO	Grupo	CATEG.	UNIDADE DE DESTINO NO INTECMAR
1	410058	Xefe/a unidade	I	10,19,39	Microbioloxía e Viroloxía

Por todo o exposto, e de acordo coas facultades conferidas pola Lei 3/2004, do 7 de xuño, pola que se crea o Intecmar,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo do Intecmar, pola quenda de acceso libre, polo procedemento de concurso-oposición, da seguinte praza:





CÓDIGO POSTO	POSTO	Grupo	Categoría	UNIDADE DE DESTINO NO INTECMAR
410058	Xefe/a unidade	I	10	Microbioloxía e Viroloxía

O proceso selectivo constará, por tanto, dunha fase de oposición e doutra fase de concurso.

Segundo.- O devandito proceso selectivo rexerase polas bases que se xuntan de seguido, que contan co informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

Vilaxoán, documento asinado dixitalmente

M^a Covadonga Salgado Blanco
Directora do Intecmar





BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA DUN POSTO DE XEFE/A DE UNIDADE DE MICROBIOLOXÍA E VIROLOXÍA DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARÍNO DE GALICIA

PRIMEIRA.- Normas xerais

1.1.- Obxecto: Convócase proceso selectivo para a cobertura definitiva dun posto (1) de Xefe/a de Unidade de Microbioloxía e Viroloxía para o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (en diante, INTECMAR) pola quenda de acceso libre existente no cadro de persoal do Instituto coa modalidade contractual de persoal laboral fixo, e as seguintes características:

Número de prazas:	1
Denominación da praza:	Xefe/a de Unidade de Microbioloxía e Viroloxía
Códigos:	410058
Grupo:	I
Categoría:	10
Titulación requirida:	Grao ou equivalente en Bioloxía

As condicións laborais do posto rexeranse polo establecido no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, por ser o de aplicación segundo a Disposición transitoria quinta da Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do INTECMAR.

A xornada laboral semanal será completa de luns a venres.

O contrato estará vixente dende a súa formalización con carácter de cobertura definitiva do posto.

1.2.- Funcións do posto: Baixo a dependencia da dirección do Intecmar coa que deberá colaborar e cooperar, corresponderanlle as seguintes funcións:

- Responsabilidade técnica da Unidade de Microbioloxía e Viroloxía nas auditorías, internas e externas, para manter a acreditación de ENAC nas técnicas de ensaio empregadas na unidade, segundo a Norma UNE-EN ISO/IEC 17025.
- Aprobación dos informes de ensaio de Microbioloxía e Viroloxía.
- Desenvolvemento e validación de novos métodos de ensaio.
- Avaliación de resultados analíticos.
- Responsabilidade das opinións e interpretacións técnicas da Unidade de Microbioloxía e Viroloxía.
- Responsabilidade na planificación de ensaios e calibracións.
- Manexo de equipos.
- Responsabilidade da organización do persoal asignado á súa Unidade.
- Responsabilidade última de todas as operacións técnicas da Unidade.
- Elaboración e aprobación de documentos específicos da Unidade.
- Xestión e participación de proxectos tanto nacionais como internacionais de interese para o INTECMAR.
- Todas aquelas funcións e responsabilidades do Manual de Calidade e Procedementos xerais, que sexan atribuídas á xefatura da Unidade, así como a substitución da xefatura da Unidade de Patoloxía, cando proceda.





O desenvolvemento destas funcións require, entre outras capacidades, gran coñecemento das técnicas empregadas na Unidade (técnicas microbiolóxicas para enumeración de *E. coli* por número máis probable e por impedancia, investigación de *Salmonella* spp. por inmunofluorescencia e técnicas virolóxicas para detección cuantitativa de Norovirus e virus da Hepatite A), así como capacidade de interpretación dos datos analíticos obtidos e das súas repercusións.

1.3.- O procedemento de selección será o de concurso-oposición, constando a fase de oposición de 60 puntos e a de concurso de 40. Na fase de oposición se aplicará o temario que se acompaña como ANEXO II desta convocatoria e na fase de concurso se aplicará o baremo que se acompaña como ANEXO III desta convocatoria.

1.4.- O INTECMAR asinará coa persoa seleccionada o correspondente contrato de traballo laboral fixo segundo as prescricións establecidas no texto refundido do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (BOE do 24 de outubro), e demais lexislación vixente que resulte de aplicación.

1.5.- A persoa contratada estará sometida ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

1.6.- Ao abeiro do disposto na normativa de referencia en materia laboral, publicarase anuncio indicativo do dito proceso selectivo no Diario Oficial de Galicia. O resto dos actos derivados deste proceso selectivo faranse públicos nos taboleiros de anuncios do INTECMAR e no seguinte enderezo da súa páxina Web:

<http://www.intecmar.gal/transparencia/Convocatorias/Default.aspx>.

SEGUNDA.- Requisitos dos/as aspirantes

Para ser admitidos/as no proceso de selección, os/as aspirantes deberán posuír na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da formalización do contrato de traballo, os seguintes requisitos:

2.1.- Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

2.2.- Capacidade legal: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

2.3.- Acreditación de coñecemento do idioma galego: Acreditación de estar en posesión do Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No suposto de que o/a aspirante non poida acreditalo documentalmente, deberá superar unha proba de nivel de carácter eliminatorio. Esta proba regúlase no ANEXO V destas bases.





2.4.- Compatibilidade funcional: posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.5.- Habilitación: non estar inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas, nin separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das administracións públicas. Os/As aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar que non están sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

2.6.- Titulación requirida: Grao ou equivalente en Bioloxía.

Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, o título universitario oficial de licenciada/o ou graduada/o en Bioloxía. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes, como no de toma de posesión ou formalización do contrato.

TERCEIRA.- Presentación de instancias

3.1.- Ademais dos/das posíbeis candidatos/as seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego, as persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que figura no anexo I da presente convocatoria e deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentala que esixe a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos.

3.2.- As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, indicando no apartado asunto relacionado: PROCESO SELECTIVO PERSOAL INTECMAR.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fora realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). No caso de persoas solicitantes estranxeiras, co fin de proceder á solicitude e aos tramites por medios electrónicos, designarán un representante con sinatura dixital en España. A solicitude deberá reunir todos os datos de identificación requiridos.

O enderezo que figure nas instancias considerarase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa aspirante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.





O modelo de solicitude estará á disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web do Intecmar.

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditalo mediante copia compulsada ou orixinal do título de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, segundo se trate.

Os aspirantes deberán indicar no modelo de solicitude si figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, e acreditalo da seguinte forma:

1. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación do anuncio desta convocatoria no DOG.
2. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditalo mediante o copia compulsada ou orixinal do certificado de discapacidade.

As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ao pago de taxas.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

3.3.- Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito:

Realizar a autoliquidación da taxa empregando os documentos de pagamento, cos modelos 731 ou 739 dependendo se opta pola modalidade de pago presencial ou telemática, que están dispoñibles na sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia.

Deberán sinalarse os seguintes códigos:

Consellería: Mar, Código 12.

Delegación: Servizos Centrais, Código 13.

Servizo: Intecmar, Código 08.

Denominación: Inscripción na oposición para a selección de persoal da CA, Código 300302.





O Intecmar devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no portal web do Intecmar das listas definitivas de admitidos e excluídos.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico co Intecmar no número 986 51 23 20, das 8.30 ás 14.30 horas, de luns a venres.

3.4.- As persoas interesadas deberán incorporar xunto co procedemento PR004A, a seguinte documentación:

- a) Anexo I destas bases, de solicitude de participación no proceso de selección de persoal cumprimentado e asinado.
- b) Anexo IV destas bases, de autoavaliación, cumprimentado e asinado.
- c) No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.
- d) Xustificante da condición de persoa con discapacidade no caso de estar expedido por outra Comunidade Autónoma.
- e) Xustificante da condición de familia numerosa no caso de estar expedida por outra Comunidade Autónoma.
- f) Copia do título do Celga correspondente á categoría do posto que se solicita ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).
- g) Xustificante bancario de ter aboado a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma. - Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade. - Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición. - Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.
- h) Documentación xustificativa dos méritos alegados. Deberá incluírse no anexo IV de autoavaliación, unha relación nominal dos méritos achegados. Os méritos alegados deberán referirse á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.5.- O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte (20) días naturais** e o seu cómputo iniciárase o día seguinte ao da publicación destas bases no Diario Oficial de Galicia e nos taboleiros de anuncios e na Web do INTECMAR.

3.6. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o Tribunal de selección remitirá á Dirección do INTECMAR, para a súa exposición no taboleiro de anuncios e na Web do INTECMAR a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, así como as causas da súa exclusión. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas





peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

CUARTA.- Tribunal de selección

4.1.- O Tribunal de selección será nomeado pola Dirección do INTECMAR, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da Lei de Emprego Público de Galicia, no artigo 11 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

4.2.- As persoas que formen parte do Tribunal de selección deberán absterse de intervir cando concorran nelas circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007, e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá serlle comunicada á Dirección do Intecmar.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do Tribunal de selección, ás persoas que actúen como persoal asesor dos previstos na base 4.8, unha declaración expresa de non atoparse en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

As persoas aspirantes poderán recusar os integrantes do Tribunal de selección cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4.3.- A autoridade que convoca publicará na páxina web corporativa a resolución correspondente pola que se nomeen os novos integrantes do Tribunal de selección, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

4.4.- A sesión de constitución deberá realizarse no prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do Tribunal de selección na páxina web corporativa. Na dita sesión, o Tribunal de selección adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

4.5.- A partir da sesión de constitución, a actuación válida do Tribunal de selección requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus integrantes, con presenza en todo caso da presidencia e da secretaría deste.

4.6.- O procedemento de actuación do Tribunal de selección axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección, na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e ás Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril do 2007, modificadas polo





acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010, e ao resto do ordenamento xurídico.

4.7.- Por cada sesión do Tribunal de selección redactarase unha acta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da secretaría e o visto e praxe da presidencia.

4.8.- O Tribunal de selección poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, que deberán limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas, e que terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderá ao director da entidade.

4.9.- O Tribunal de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3, as adaptacións posibles de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización das probas o Tribunal de selección tiver dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polo persoal laboral da categoría a que opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

4.10.- Os acordos adoptados polo Tribunal de selección poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da consellería do Mar nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.11.- As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao Tribunal de selección dirixiranse á Dirección do INTECMAR no enderezo Peirao de Vilaxoán, s/n, en Vilagarcía de Arousa, en horas de oficina de 09:00 a 14:00 (de luns a venres).

QUINTA.- Fases do proceso selectivo

5.1. Primeira fase: Fase de oposición.

A puntuación máxima da fase de oposición é de 60 puntos.

O temario que rexerá as probas selectivas desta fase é o que figura como Anexo II. Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, con data límite da data de publicación do nomeamento do Tribunal de selección, contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que figura no Anexo II e que fosen derogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación do nomeamento do Tribunal de selección.

5.1.1. Exercicio





A probas da oposición consistirá en contestar por escrito un cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, relacionado co temario que figura no Anexo II.

O exercicio dividirase en dúas partes:

A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 50 preguntas de contido teórico relacionado co temario tanto da parte xeral como da parte específica.

A segunda parte consistirá en supostos prácticos tipo test (10 preguntas), sobre un ou varios supostos propostos polo Tribunal de selección relacionados co temario da parte específica.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo Tribunal de selección, das que só unha delas será a correcta.

O tempo máximo de duración deste exercicio será noventa (90) minutos.

O Tribunal de selección procurará que o número de preguntas da parte teórica garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa. O exercicio disporá de seis (6) preguntas de reserva. Tres (3) preguntas da parte de contido teórico e tres (3) preguntas da parte de supostos prácticos. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O anuncio de realización do exercicio publicarase no portal web corporativo de Intecmar, con 30 días, polo menos, de anticipación á data sinalada para o seu inicio. As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, a xuízo do Tribunal de selección, acredite a súa identidade.

Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web do Intecmar.

A cualificación do exercicio irá de 0 a 60 puntos, tendo en conta as respostas correctas sobre a listaxe total de 60 preguntas, e que por cada 3 respostas incorrectas se resta 1 resposta correcta. Correspóndelle ao Tribunal de selección determinar a puntuación mínima esixida para acadar o resultado de apto para poder acceder a seguinte fase do proceso selectivo.

O Tribunal de selección fará públicos os resultados da proba obtidos polas persoas aspirantes, no taboleiro de anuncios do Intecmar e publicaranse no portal web do Intecmar.

Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no portal web do Intecmar da resolución do Tribunal de selección pola que se fan públicas as puntuacións da proba.

Transcorrido o prazo de alegacións, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións, o Tribunal de selección, procederá ao anuncio de publicación na páxina web do Intecmar das puntuacións definitivas da fase de oposición.

5.2. Segunda fase: Fase de concurso.

A puntuación máxima da fase de concurso é de 40 puntos.

Unha vez publicada polo Tribunal de selección a listaxe definitiva dos resultados obtidos na fase de oposición, o Tribunal de selección, conforme ao baremo establecido no ANEXO III,





valorará os méritos alegados polos/as aspirantes que superaran coa cualificación de apto a fase de oposición.

Os méritos enumerados nas bases deberán referirse á data de publicación do anuncio no DOG da convocatoria do proceso selectivo.

O Tribunal de selección fará pública, nos taboleiros de anuncios do INTECMAR, a listaxe coa baremación provisional dos/das aspirantes, con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

Poderanse formular alegacións contra a baremación da listaxe provisional, nun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contado a partir do seguinte ao da súa publicación no portal web do Intecmar da resolución do Tribunal de selección pola que se fai pública dita baremación.

O Tribunal de selección, se é o caso, e solo para os efectos de aclarar posibles dúbidas sobre a documentación achegada, poderá requirir a presenza dos/das aspirantes que considere oportuno.

Transcorrido o prazo de alegacións, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o Tribunal de selección, procederá ao anuncio de publicación na páxina web do Intecmar da baremación definitiva da fase de concurso.

SEXTA.- Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal laboral fixo.

6.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

6.2 No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller, salvo se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos sexos existen motivos non discriminatorios para preferir o home. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
- En segundo lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria no Intecmar.
- En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito do Intecmar.
- En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante.
- E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.





Para asegurar a cobertura de vacantes, de producirse renuncias das persoas seleccionadas, antes ou despois da formalización do correspondente contrato de traballo, o órgano que convoca poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria de persoas aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que, dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deduxa que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poderán formalizar o contrato de traballo.

6.3 Unha vez rematadas as dúas fases do proceso selectivo, o Tribunal de selección remitirá á Dirección do INTECMAR, para a súa exposición no taboleiro de anuncios e na Web do INTECMAR, a listaxe coa puntuación global provisional dos/das aspirantes, con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

Poderanse formular alegacións contra a puntuación global da listaxe provisional, nun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contado a partir do seguinte ao da súa publicación.

Transcorrido o prazo de alegacións, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á puntuación global inicialmente asignada a cada aspirante, o Tribunal de selección procederá á **puntuación global definitiva**, que será elevada á Dirección do INTECMAR para que dite resolución coas puntuacións definitivas dos/das aspirantes, que será publicada polos mesmos medios que a listaxe provisional.

6.4 A primeira persoa aspirante da listaxe definitiva publicada será a persoa seleccionada para a cobertura da praza obxecto desta convocatoria, e deberá presentar no prazo dos **tres (3) días hábiles** seguintes á data na que se faga pública a listaxe definitiva, a seguinte documentación:

- a) Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base 2.4.
- b) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

6.5 Se o candidato/a seleccionado/a non presentase a documentación no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación (que se fará mediante solicitude expresa no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará automaticamente seleccionado/a o/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da lista, que deberá presentar, nun novo prazo de tres días dende o remate do anterior, a documentación sinalada no punto 6.4.

6.6 Logo de seleccionado/a o/a candidato/a e presentada a súa documentación, segundo o establecido nos puntos anteriores e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización da contratación obxecto desta convocatoria.

SÉTIMA.- Recursos administrativos

As bases desta convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela, con carácter de definitivos ou de trámite cualificados, poderán ser impugnados no prazo e na forma establecidos nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ser impugnados directamente no prazo de dous meses ante a xurisdición contencioso-administrativa na forma prevista na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da disposición contencioso-administrativa.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Peirao de Vilaxoán, s/n
36611 Vilagarcía (Pontevedra)
Telf.: 986 51 23 20 / 22
www.intecmar.gal

Vilaxoán,
M^a Covadonga Salgado Blanco
Directora do Intecmar

Documento asinado electrónicamente o 30/04/2025 13:02
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Directora do INTECMAR

CVE: f4dba708-aa72-4e8c-b671-ca58abd65bbb





ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN Á CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA DE UN POSTO DE XEFE/A DE UNIDADE DE MICROBIOLOXÍA E VIROLOXÍA EXISTENTE NO CADRO DE PERSOAL LABORAL, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARÍNO DE GALICIA (INTECMAR).

DATOS PERSOAIS

NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA		NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA	
PARROQUIA			LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO				

FAMILIA NUMEROSA		DE CARACTER ESPECIAL		PORCENTAXE DISCAPACIDADE	
		DE CARACTER XERAL			

DEMANDANTE DE EMPREGO	
-----------------------	--

GRUPO: I	CATEGORÍA : 10	TITULACIÓN: Grao ou equivalente en Bioloxía
DATA DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA:		

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- ☐ Copia do D.N.I. ou outro documento que acredite a súa identidade.
- ☐ Documentación que acredita a Titulación mínima requirida
- ☐ Documentación que acredita o nivel de Celga requirido
- ☐ Documentación que acredita a condición de familia numerosa
- ☐ Documentación que acredita a condición de persoa con discapacidade
- ☐ Documentación que acredita a condición de persoa demandante de emprego
- ☐ Documentación para o Baremo de Méritos (ANEXO III)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

- ☐ Posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- ☐ Non estar inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas, nin separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das administracións públicas. Os/As aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar que non están sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

Lugar e data:

Sinatura

DIRECTORA DO INTECMAR





ANEXO II. TEMARIO FASE OPOSICIÓN

A) Parte xeral.

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I artigos 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia: título I e título III.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV capítulo I, título V capítulo II.
4. Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia: título preliminar, título I, capítulo I.
5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar, capítulos III e IV.
6. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico: título preliminar, título I, título III.
7. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, capítulo I, título VI, capítulos III e IV e título VIII.
8. Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia: título preliminar, artigo 2, título II, título IV e título V.
9. Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).
10. Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, de regulamento do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).

B) Parte específica.

1. Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de marzo de 2017 (Regulamento sobre controis oficiais). Título I, Título II, Capítulo IV e Título III.
2. Regulamento de execución (UE) 2019/627 da Comisión, de 15 de marzo de 2019. Título I, II, V, VIII e Anexo V.
3. Xestión de calidade en laboratorio. Norma UNE-EN-ISO/IEC 17025:2017. Criterios xerais para a acreditación de laboratorios de ensaio e calibración segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025:2017, no contexto dos ensaios microbiolóxicos e virolóxicos. CEA-ENAC-20 Rev. 1 Maio 2017. Criterios específicos de acreditación. Análises microbiolóxicos.
4. Limpeza e control de contaminación en laboratorios de microbioloxía e viroloxía de moluscos bivalvos. Control de esterilidade e eficacia de medios de cultivo e manexo de cepas bacterianas. Calibración de termómetros, sondas de temperatura, equipos isoterms e material volumétrico.
5. Enumeración de *Escherichia coli* en moluscos bivalvos vivos pola técnica de Impedancia e avaliación de resultados. Norma EN ISO 16140.
6. Enumeración de *Escherichia coli* en moluscos bivalvos vivos pola técnica de número máis probable (NMP) e avaliación de resultados. Norma EN ISO 16649-3.
7. Investigación de *Salmonella* spp. por inmunofluorescencia (ELFA) e avaliación de resultados. Norma ISO 6579-1:2017/Amn.1:2020 (E).
8. Extracción de ARN en moluscos bivalvos.
9. Detección cuantitativa de Norovirus xenogrupo I e xenogrupo II e virus da Hepatite A pola técnica de RT-PCR en moluscos bivalvos e avaliación de resultados. Norma ISO 15216-1:2017(E)/Amd1:2021 e Norma ISO 15216-2:2019(E).
10. Guía comunitaria de clasificación de zonas.





ANEXO III - BAREMO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL

A puntuación máxima da fase de concurso será de **40 puntos**.

1. Experiencia Profesional Acreditada e referida aos últimos 10 anos (máximo 15 puntos):

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do informe de vida laboral, contratos de traballo, ou acta de toma de posesión de cargos públicos ou funcionario público ou certificado de servizos prestados, de ser o caso.

a) Experiencia profesional na mesma categoría.

Experiencia profesional, entendida como os servizos prestados en Intecmar e/ou en calquera Administración pública, como persoal laboral na categoría 10 do grupo I no ámbito do V Convenio colectivo de persoal da Xunta de Galicia.

Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG) e a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no art. 177 LEPG.

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,15 puntos.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

b) Experiencia profesional en distinta categoría.

Experiencia profesional como empregado público en distinto corpo, grupo, escala ou categoría, en Intecmar e/ou en calquera Administración pública.

Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG) e a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no art. 177 LEPG.

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,05 puntos.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

c) Experiencia profesional en empresas privadas na mesma categoría.

Experiencia profesional como titulado superior en Bioloxía en calquera empresa privada.

Para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,05 puntos.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

2. Experiencia Profesional en temas relacionados. (máximo 10 puntos):

a) Participación en bolsas de formación (máximo 1 punto):

I. Bolsas de formación de persoal investigador: 0,05 puntos/mes.

b) Participación en proxectos de investigación de convocatorias públicas (autonómicas, nacional ou internacional) relacionados co emprego das técnicas de análise microbiolóxicas ou virolóxicas (máximo 5 puntos):

I. Como investigador principal:





- i. De proxecto internacional ou subproxecto (no caso de proxectos coordinados):
2 puntos/ proxecto.
 - ii. De proxecto nacional ou subproxecto (no caso de proxectos coordinados):
1 punto/ proxecto.
 - iii. De proxecto autonómico ou subproxecto (no caso de proxectos coordinados):
0,5 puntos/ proxecto.
- II. Como participante:
 - i. De proxecto ou subproxecto (no caso de proxectos coordinados):
0,3 puntos/ proxecto.
- c) Publicacións e comunicacións en temas relacionados coa microbioloxía ou a viroloxía (máximo 4 puntos):
 - I. Artigos publicados en revistas de impacto:
1 punto/artigo.
 - II. Artigos publicados noutras revistas, libros ou capítulos de libros:
0,5 puntos/artigo, libro ou capítulo.
 - III. Comunicacións orais en congresos:
0,1 puntos/comunicación.
 - IV. Paneis en congresos, publicacións divulgativas e informes relevantes:
0,05 puntos/panel, publicación ou informe.

3. Cualificación nas técnicas de ensaio (máximo 10 puntos).

Valoraranse certificados de cualificación emitidos por laboratorios acreditados por ENAC segundo a norma UNE-EN-ISO/IEC 17025 en técnicas de ensaio microbiolóxico ou virolóxico así como de calibracións de equipos: 2 puntos por cada actividade certificada.

4. Doutoramento en temas relacionados co emprego das técnicas precisas de análise microbiolóxico ou virolóxico) (3 puntos).

5. Coñecemento do idioma inglés. (máximo 2 puntos).

Valoraranse certificados oficiais de inglés tomando como referencia o MCERL (Marco Común Europeo de Referencia para as linguas do Consello de Europa) e o RD 1629/2006 (BOE do 4 de xaneiro de 2007). Terase só en conta a certificación co nivel máis alto

- a) Certificación oficial de Inglés nivel B1:
1,0 punto
- b) Certificación oficial de Inglés nivel B2:
1,5 punto
- c) Certificación oficial de Inglés nivel C1 ou superior:
2,0 puntos





ANEXO IV – AUTOAVALIACIÓN

FASE DE CONCURSO (máximo 40 puntos)				
1. EXPERIENCIA PROFESIONAL ACREDITADA E REFERIDO AOS ÚLTIMOS 10 ANOS (máximo 15 puntos)	MES	PUNTOS	TOTAL	Nº doc.
a) Experiencia profesional na mesma categoría.		x 0,15		
b) Experiencia profesional en distinta categoría.		x 0,05		
c) Experiencia profesional en empresas privadas na mesma categoría.		x 0,05		
2. EXPERIENCIA PROFESIONAL EN TÉCNICAS MICROBIOLÓXICAS OU VIROLÓXICAS (máximo 10 puntos)	MES	PUNTOS	TOTAL	Nº doc.
a) Participación en bolsas de formación (máximo 1 punto)	Mes	x 0,05		
b) Participación en proxectos de investigación relacionados co emprego das técnicas microbiolóxicas ou virolóxicas) (máximo 5 puntos):				
I. Como investigador principal:				
i. De proxecto ou subproxecto internacional	Proxecto	x 2		
ii. De proxecto ou subproxecto nacional	Proxecto	x 1		
iii. De proxecto ou subproxecto autonómico	Proxecto	x 0,5		
II. Como participante:	Proxecto	x 0,3		
c) Publicacións e comunicacións en temas relacionados coa microbioloxía e viroloxía) (máximo 4 puntos):				
III. Artigos publicados en revistas de impacto:	Artigo	x 1		
IV. Artigos publicados noutras revistas, libros ou capítulos de libros:	Artigo/libro	x 0,5		
V. Comunicacións orais en congresos:	Comunicación	x 0,1		
VI. Paneis en congresos, publicacións divulgativas e informes relevantes:	Panel/inf.	x 0,05		
3. CUALIFICACIÓN (máximo 10 puntos)	Actividades	PUNTOS	TOTAL	Nº doc.
Certificados de cualificación emitidos por laboratorios acreditados por ENAC segundo a norma UNE-EN-ISO/IEC 17025 en técnicas de ensaio microbiolóxico ou virolóxico, así como de calibracións de equipos	Certificado	2		
4. DOUTORAMENTO en temas relacionados con emprego das técnicas microbiolóxicas ou virolóxicas) (3 puntos)		PUNTOS	TOTAL	Nº doc.
Doutoramento		3		
4. COÑECEMENTO IDIOMA INGLÉS (máximo 2 puntos)		PUNTOS	TOTAL	Nº doc.
a) Polo nivel B1		1		
b) Polo nivel B2		1,5		
c) Polo nivel C1 ou superior		2		
TOTAL (MAX 40)				

Lugar e data:

Sinatura

Asdo.:

INSTRUCCIÓN PARA A COBERTURA DO ANEXO IV – AUTOAVALIACIÓN





Lea estas instrucións antes de cubrir o impreso de autoavaliación.

1. Este impreso de autoavaliación deberá cumprimentarse de acordo co establecido nas Bases da presente convocatoria.
2. Non esqueza enviar a documentación xustificativa dos méritos citados no ANEXO IV de autoavaliación, así como numerar correlativamente os documentos indicados na columna "Nº doc."
3. Non esqueza asinar o impreso.





ANEXO V - Proba de coñecemento da lingua galega.

Proba de coñecemento da lingua galega.

A dita proba será obrigatoria e eliminatória para as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión ou en condicións de obter antes do día da publicación do anuncio da convocatoria no DOG, o nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao corpo, grupo, escala ou categoría no que participa. A proba de coñecemento da lingua galega realizarase de acordo ao nivel do Celga 4 requirido.

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega. O exercicio terá unha duración de noventa (90) minutos.

O cuestionario deberá obrigatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga 4 requirido no proceso selectivo. Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio. Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá ao Tribunal de selección determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto. Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web do Intecmar.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de cinco (5) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación na web do Intecmar da resolución pola cal o Tribunal de selección publica as puntuación definitivas da fase de oposición, que posuían antes do día de publicación do anuncio no DOG da convocatoria do proceso selectivo, o nivel Celga 4 requirido ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). Este exercicio realizarase no prazo mínimo de dous (2) días hábiles e o máximo de corenta (40) días hábiles dende a constitución do Tribunal de selección.

A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra F, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 21 de xaneiro de 2025 (DOG núm. 16, do 24 de xaneiro), pola que se fai publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, a xuízo do Tribunal de selección,





acredite a súa identidade. O exercicio realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do Tribunal de selección e as persoas designadas por el.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo Tribunal de selección coa finalidade de acreditar a súa identidade. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas. Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coa data de realización do exercicio polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do Tribunal de selección, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame.

O Tribunal de selección acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Se o Tribunal de selección, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización da proba de coñecemento da lingua galega, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas, publicará dito acordo no portal web do Intecmar. O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes (apto ou non apto) publicaranse no portal web corporativo do Intecmar.

Concederáse un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no portal web do Intecmar da resolución do Tribunal de selección pola que se fan públicos os resultados da proba de coñecemento da lingua galega.

En calquera momento do proceso selectivo, se o Tribunal de selección tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo á persoa titular do Intecmar para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento. No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a persoa titular do Intecmar publicará a orde para a súa exclusión do proceso selectivo.

